



Algo máis de 15.000 euros permitiron renovar o chan das zonas de xogo e reparar os xogos do parque do Carboeiro



O Concello acometeu unha nova senda peonil ata Piñeirón, na parroquia da Gándara



O Concello inviste máis de 180.000€ na construción dunha senda peonil dende a CP-3801 ata o campo da festa de Senra



A brigada de obras aproveitará o verán para facer asfaltados polo municipio, como esta ampliación da rúa María Casares



O Concello aproveita o verán para facer melloras en estradas e espazos públicos

Aproveitando a chegada do bo tempo, o Concello de Oroso está a levar a cabo diversas actuacións de mellora por todo o municipio. Algunhas xa están a disposición da veciñanza, como o renovado **parque infantil do Carboeiro**, onde se investiron máis de 15.000 euros para cambiar o chan de caucho por outro máis duradeiro, reparáronse os xogos e, en breve,

instalaranse dous máis. Tamén está lista a senda peonil de Piñeirón e está en obras a que une as beirarrúas da avenida da Granxa coa igrexa e o campo da festa de **Senra**, que suman un investimento de máis de 250.000 euros.

Mentres a brigada de obras está a bachear distintas estradas, a compañía subministradora de



Comezan as obras para levar a electricidade ao punto de reciclaxe Sigüeiro Verde, que abrirá as súas portas en breve

electricidade ao punto de o que permitirá que este reciclaxe "**Oroso Verde**" servizo esté a disposición da veciñanza en breve. vén de iniciar os traballos,





Os "Bocados de Outono" virán con moitas novidades

O alcalde Manuel Mirás presidiu a entrega dos premios do concurso "De tapa en tapa", o segundo máis concorrido destes 8 anos e que gañou o Restaurante Mirás, seguido pola Cafetería 6 Ríos e O Cafe de Manuela. Mirás salientou que "é un concurso que vai a máis pero temos que darlle unha volta porque somos conscientes de que a elaboración dunhas tapas de tanto nivel leva moito tempo e ten un elevado custo, polo que imos convocar aos hostaleiros para consensuar cambios nos Bocados de Outono".



A Banda de Música de Ordes será homenaxeada en 2018

Centos de persoas participaron no III Festival de Bandas, organizado polo Concello de Oroso, a Asociación de Veciños de Senra e a Deputación da Coruña. Homenaxeouse á Banda de Música de Arca, "formación cun arraigo importante en Oroso porque moitos músicos da Lira de Senra e da Banda de San Mamede-Grabaxa se foron aló cando as nosas formacións desapareceron", explicou o alcalde Manuel Mirás, quen anunciou que o 7 de xullo de 2018 a homenaxe será para a Banda de Música de Ordes.



O Concello desenvolve unha campaña para a recollida de excrementos de mascotas

O Concello vén de poñer en marcha "Eu si que o fago", unha campaña para concienciar á veciñanza da importancia de coidar das mascotas e recoller as súas deposicións. Ademais de accións formativas nos colexios, o Concello está a repartir de balde 3.000 ecopoops, un sistema pioneiro en Galicia para a recollida dos excrementos dunha maneira máis sinxela e ecolóxica.



Convocadas as subvencións ás actividades de asociacións e colectivos sen ánimo de lucro



O Concello de Oroso vén de convocar as axudas a entidades cidadáns de 2017, dirixidas a entidades de participación cidadá, asociacións educativas, clubs e escolas deportivas, entidades de asistencia social e voluntarios de Protección Civil que desenvolvan as súas actividades no municipio de Oroso, así como a Fundación Amigos de Galicia, que se encarga da distribución e entrega de alimentos a familias necesitadas. As achegas poderán solicitarse no Rexistro Xeral do Concello de Oroso ata o vindeiro 17 de agosto.

SUMMER CAMP! OROSO 2017
Para nenos de 3 a 12 anos

Desde setembro iniciará un ciclo de actividades. Impartida por un equipo de especialistas, actividades de emprendemento e idiomas. Todo a través do xogo e descubrimentos, con actividades en natureza, e por iniciativa propia elaborada para divertir os seus fillos.

26 - 30 Xullo	8.00€ a 10€ 25€	7.00€ a 10€ 20€	8.00€ a 10€ 25€
3 - 14 e 17 - 31 Xullo	8.00€ a 10€ 25€	7.00€ a 10€ 20€	8.00€ a 10€ 25€
1 - 4 e 17 - 31 Agosto	8.00€ a 10€ 25€	7.00€ a 10€ 20€	8.00€ a 10€ 25€
1 - 4 Setembro	8.00€ a 10€ 25€	7.00€ a 10€ 20€	8.00€ a 10€ 25€

Possibilidade de todo tipo de horarios e necesidades! Aberto: 7.30h/22.30

OROSO Centro Cultural Ferrnando Cores e Nomes. Tf: 981 921 922
OROSO Praza Carbonaria, 9. 36100 Oroso. Tf: 981 921 922
www.oroso.es

OROSO

APERTURA PISCINA MUNICIPAL 2017
TRAMITACIÓN CARNÉS DE ABOADO

A PISCINA MUNICIPAL TEN PREVISTO ABRIR O DÍA 1 DE XUÑO, EN HORARIO DE 11:00 A 21:00 TODOS OS DÍAS

PREZOS CARNÉS PISCINA:
Nenos/as EMPADROADOS de 4 a 16 anos... 17 Eur.
Maiores de 16 anos EMPADROADOS... 25 Eur.
(Familia numerosa desconto 20%)
Nenos/as NON EMPADROADOS de 4 a 16 anos... 24 Eur.
Maiores de 16 anos NON EMPADROADOS... 32 Eur.

PREZOS ENTRADAS:
Nenos/as de 4 a 16 anos... 1,50 Eur.
Maiores de 16 anos... 2,00 Eur.

Requisitos para tramitar o carné:
- Xustificante do pago das taxas correspondentes.
- Foto tamaño carné (para altas novas).
- Xustificante carné familia numerosa, se é o caso.

Nota:
O ingreso para realizar o pago obtense a través da páxina web do Concello. (Pinchar en Instalacións Deportivas)

CENTRO DEPORTIVO DE SIOGUEIRO - www.oroso.es - 981 92 79 01

Escola de Verán 2017
Tenis de Mesa

Para todas as idades desde 3 anos

Proba e disfruta!

Para máis información:
Oficina Oroso TM
Planta 0 Edif. Multiusos
Complejo Deportivo Juanito Amigo
Luns a venres de 19:30 a 21:00
Teléf: 636793119 / 686449556
Mail: orosotm@orosotm.es
www.orosotm.es

2 Grupos:
- Xullo: comezo o 10 Xullo
- Agosto: comezo o 7 de Agosto

Organizán:
OROSO Deputación
Kras
OROSO Expandingate
OROSO Expandingate
OROSO Expandingate
OROSO Expandingate

DEPOSITO LACERDA
EDIFICIO SIOGUEIRO
#ABANCA



Oroso preside a Asociación de Concellos do Camiño Inglés

Representantes de 14 dos 18 municipios polos que discorre o Camiño Inglés reuníronse en Carral para constituír formalmente a **Asociación de Concellos do Camiño Inglés**, que nace co obxectivo de promover esta ruta xacobeá. A asociación estará composta polos Concellos de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Betanzos, Abegondo, Carral, Mesía, Ordes, Oroso e Santiago; que xa aprobaron a súa adhesión nos seus respectivos Plenos Municipais, algo que se agarda que fagan en breve os municipios de A Coruña, Culleredo e Cambre.



Constituída a Asociación de Concellos do Camiño Inglés

Nesta reunión aprobáronse a acta fundacional, os estatutos e a primeira directiva, á espera da autorización formal da Xunta de Galicia. A Asociación estará presidida polo alcalde de Oroso, Manuel Mirás Franqueira, quen se amosa "moi ilusionado coa posta en marcha desta asociación, que nace para promover ese diamante en bruto que é o Camiño Inglés". A Vicepresidencia corresponderalle a Ordes, mentres que a Secretaría será Betanzos e a Tesorería Carral, que correu con todo o traballo administrativo para a constitución da asociación. Os municipios de Mesía, Pontedeume e Narón ocuparán as tres vogalías.



O terceiro festival Psicotroita encherá de rock a alameda de Góis o venres 7 de xullo

O Concello de Oroso, en colaboración coa Deputación e Deleite, organiza a terceira edición do Psicotroita, que terá lugar na alameda de Góis (Sigüeiro) a partir das 22:00 horas do venres 7 de xullo. Actuarán os grupos Familia Caamagno, Malandrómada, Oh! Ayatolla e Esposa. Entrada totalmente libre e de balde.



O Concello organiza un campamento en Ribadeo para nenos e nenas de 7 a 14 anos

O Concello ten aberta a inscrición no seu **campamento** xuvenil de verán, que terá lugar do 18 ao 29 de agosto en A Devesa (Ribadeo) e que está dirixido a nenos e nenas de entre 7 e 14 anos. O campamento está emprazado a carón da famosa Praia das Catedrais e inclúe diferentes actividades de lecer.



"BOS DÍAS COLE"
CURSO 2017/2018
NOS C.E.I.P. DE SIGÜEIRO E CEIP DO CAMIÑO INGLÉS

DE 07:30 ATA O COMEZO DA XORNADA LECTIVA

DIRIXIDO A RAPACES/AZAS DE 3 A 12 ANOS

PRAZO DE RENOVACIÓN DE MATRÍCULA E MATRÍCULAS DOS IRMÁNS DOS MATRÍCULADOS NO CURSO 2016/17: DO 1 AO 15 DE XUÑO

E MATRÍCULAS NOVAS DO 16 DE XUÑO EN ADIANTE ATA CUBRIR PRAZAS

SERVIZO DE GARDERÍA E ALMOZDO

MÁIS INFORMACIÓN NAS OFICINAS DO CENTRO CULTURAL FERNANDO CASAS E NOVA: NO 981 430 308 OU NA PÁXINA WEB: www.concelloorosos.com

ORGANIZA: CONCELLO DE OROSO COLABORA: DEPUTACIÓN DE OROSO

Formación Gratuíta
Crear unha tenda web

OROSO
coa formación

Creación de tendas en liña con Opencart. E-Commerce

Días 10, 11, 12, 13 de xullo de 10:00 a 12:00 horas

Solicita a túa inscrición:

Aula de Formación EducaOroso
Rúa do Deporte, 7 - Sigüeiro

PRINCIPAIS CONTIDOS

1. Instalación, configuración dunha tenda en liña
2. Xestión de marcas, categorías e produtos
3. Datos relevantes da tenda en liña
4. Xestión de módulos e extensións
5. Xeitos de pago, envío, ...
6. Ventas, pedidos, clientes, ... e moito máis

BT CeMIT

COMEDOR ESCOLAR

CEIPP DO CAMIÑO INGLÉS CURSO 2017-2018

DO 1 AO 15 DE XUÑO
RENOVACIÓN E MATRÍCULA DOS IRMÁNS DOS ALUMNOS MATRÍCULADOS NO CURSO 2016/17

DO 16 DE XUÑO EN ADIANTE
MATRÍCULAS NOVAS ATA CUBRIR PRAZAS

Máis información e inscrición no centro cultural Fernando de Casas e Nova, no teléfono 981690903 ou na páxina web: www.concelloorosos.com

OROSO

FOI NOTICIA...



Recoñecemento especial de Oroso a José Calvo

O Concello entregou os premios da **IV Gala da Cultura**, do II Certame Investigación do Camiño Inglés e do certame "Escríbelle unha carga a Margery Kempe". Os Recoñecementos á Empresa e á Promesa recaeron no Restaurante Cortés e no violinista Emiliano Sánchez Velazco. O momento máis emotivo foi cando José Calvo recibiu de mans do alcalde Manuel Mirás o Recoñecemento á Traxectoria, como membro fundador de Buxos Verdes, Lembranzas Tambre ou da Banda de Ordes. No II Certame do CEICI, a gañadora na categoría de Investigador/a foi Leticia A Magalla, seguida por Javier Fuentes e Carlos Hugo Combarro. Na Categoría Peregrino gañaron Nemesio Rubio e Sergio Hardasmal, seguidos por Luiz Carlos Ferraz e Suzana Ourique. Na Categoría Mozo/a ata 18 anos venceron Alejandro Vieites, Alberto Moure e Álvaro Martínez (CEIP do Camiño Inglés, que tamén levou o 3º premio para a Aula de 6º de Infantil e un accesit para 3º de Primaria). O 2º premio foi para Sara González. No certame "Escríbelle unha carta a Margery Kempe", os premios foron para Eneritz Gómez e Aarón Boquete (Ceip de Sigueiro), Sara Salgueiro e Rebeca Rodríguez (CEIP Camiño Inglés) e Martha Tinkler e Aoife Hughes (St Johns RCS).



Gran éxito do Obradoiro de Teatro Infantil, que pechou o curso coa representación de "Os amantes de Nápoles" e encheu o centro cultural.



Os cadetes do Xuventude Oroso proclamáronse campións da Copa do Sar, tras vencer na final ao Santiago CF no campo da Cañoteira.



A orquestra, o coro e o alumnado de Música e Movemento da Escola Municipal de Música José Verea triunfaron no concerto de fin de curso.



O atleta Nuno Costa, mellor deportista do 2016

Máis dun milleiro de veciños participaron no **Día do Deporte**, no que se entregaron os premios aos mellores deportistas do ano. O premio ao mellor deportista foi para o atleta Nuno Costa, residente en Sigüeiro. Os premios á mellor promesa recaeron en José Balsa (Xuventude Oroso) e Martín Pena Varela (Xadrez Oroso). Os recoñecementos á traxectoria foron para José Ferro, presidente da ED Xuventude; e Emilio Vilaseco Álvarez, o deportista que máis ano leva facendo deporte federado en Oroso. Tamén se deron dous galardóns especiais: ao Leones de Santiago BBC, pola promoción dos deportes minoritarios, e á ED Xuventude Oroso, pola súa colaboración en eventos deportivos. Os premios ás empresas que máis apoiaron o deporte foron para Equipat Sport, Caza e Pesca Nogareda e Ríos Sanguiao. Todos os clubs e deportistas do municipio recibiron cadansúa distinción.